

Enric Bastardes i Porcel **Texto**

A **decepción** **audiovisual**

T
en foco

Presionado polas privadas, o goberno levou ao Parlamento un proxecto de lei do audiovisual que, co apoio do PP, é unha ameaza de morte para as televisións públicas. O modelo descafeinado de autoridade reguladora que se propón tampouco garante o pluralismo e a calidade.



Previsiblemente antes do apagamento analóxico quedará aprobada a Lei Xeral da Comunicación Audiovisual. É unha lei sumamente importante e non augura nada bo. Incide directamente na calidade da nosa democracia e nos valores públicos de convivencia. É dicir, en todo o sistema de valores ao servizo do ben público ao que deben someterse os medios de comunicación en xeral, sexan públicos ou privados, e aínda con máis razón os audiovisuais, polo seu maior impacto social e por depender de licenzas de concesión pública, consecuencia derivada da necesidade de regular o espazo radio-eléctrico. É unha lei orgánica porque afecta a dereitos protexidos pola Constitución Española especialmente no seu artigo 20 sobre o dereito á información da cidadanía. Despois veremos con todo que, sendo orgánica pola razón exposta, os dereitos dos cidadáns non os contempla no seu articulado máis aló das obrigadas cautelas aos horarios de protección infantil. A concepción de espazo “de servizo público” inherente a toda televisión pública ou privada é substituída por

outra que contempla exclusivamente a administración do “mercado audiovisual” e a regulación esperada dun “ben público” vese sometida a unha liberalización pura e dura do sector ao que se lle autoriza case todo sen esixírselle escasamente nada.

Foron longos anos reivindicando a necesidade de regulación do servizo audiovisual. Entre eles, xeracións de profesionais desde as radios e televisións públicas, voces autorizadas do constitucionalismo, académicos de moitas ramas da comunicación, sindicatos de xornalistas ou outros xeralistas desde as súas federacións de comunicación, asociacións de consumidores, algún colexio de xornalistas; asociacións de comunicadores do terceiro sector (1), é dicir de iniciativas sociais sen ánimo de lucro, que tamén buscan o seu espazo comunicativo. Mostráronse permanente e tenazmente coincidentes en denunciar a anomalía que representaba para un estado europeo como España permanecer tras tantos anos de convivencia democrática sen regulación ningunha da comunicación audiovisual e sen unha autoridade na materia que velase polo cumprimento desa regulación.

Excepción europea de escándalo que sobrevoou polos sucesivos gobernos, desde Adolfo Suárez a José Luís Rodríguez Zapatero, con total indiferenza ou desprezo desde as esferas do poder. Tamén é verdade que sen unha presión social que fixese da cuestión unha caixa de recrutamento para gañar ou perder eleccións, algo que parece ser finalmente o único que empuxa a actividade política. Isto foi até a data unha destas diferenzas coa nosa contorna democrática que desde fóra contribúe a alimentar a sospeita de que a transición democrática española, presentada como tan exemplar, mantén algunhas carencias de vulto e non só nos seus índices de paro ou na súa estrutura produtiva.

Promesas incumpridas

José Luís Rodríguez Zapatero presentouse a candidato á presidencia cun discurso coherente en materia de políticas de comunicación. Non era pura intuición senón un xuízo baseado en compromisos concretos e explícitos. Naquel momento exercía, o que asina este artigo, o cargo de secretario xeral da Federación de Sindicatos de Xornalistas (FeSP) e como é habitual escribimos-



Fernández de la Vega con Javier Díez de Polanco -ex conselleiro de Sogecable- e Alejandro Echevarría, presidente de Telecinco

lles aos candidatos ás eleccións pedíndolles compromisos concretos ás nosas reivindicacións. Á carta dirixida ao candidato socialista respondíame Rodríguez Zapatero con concrecións moi precisas das que non me resisto a reproducir algúns parágrafos dun extenso e reflexivo escrito:

(...) Non pretendo trasladarlle unha resposta rutineira sobre os problemas que me formula.(...)Son consciente das enormes dificultades coas que se enfrontan cada día: a precariedade, o control que exercen os seus medios sobre eles, a falta de independencia dos profesionais, etc.

(...) Fronte aos que opinan que é mellor non regular a profesión xornalística, creo que son necesarias leis e normas que garantan a máxima neutralidade e a máxima independencia dos medios públicos; que eviten a intromisión do poder político na prensa, a radio e a televisión; que garantan que os profesionais da información poidan facer o seu traballo con garantías de independencia, de liberdade e de calidade. Estou a ofrecerlles aos cidadáns nesta campaña un compromiso para que os xor-

nalistas informen en plena liberdade e coa protección debida, e para que os cidadáns reciban información plural, independente e de calidade. Por todo iso proponho, desde o Goberno, enviar ás Cortes un proxecto de lei que permita elaborar un Estatuto do Xornalista Profesional. Pídeo boa parte da profesión, as organizacións profesionais, recomendando a Asemblea parlamentaria do Consello de Europa e aplícano xa moitos países. Este Estatuto recoñecerá dereitos específicos de carácter laboral especialmente no que ten que ver coa súa inclusión no réxime xeral da Seguridade Social. Garantirá o segredo profesional, tarefa pendente, por certo, aínda que sexa un mandato da Constitución. Establecerá tamén un código de incompatibilidades e un código ético. Creará a figura do Consello de Información de ámbito estatal e, opcionalmente, autonómico. (...) Así mesmo creo necesaria a modificación do Estatuto de Radio Televisión Española para que o seu director sexa elixido polas Cortes e por maioría cualificada, con mandatos non renovables. Somos unha gran maioría de españois os que pedimos asegurar a súa independencia. Este será o inicio dunha nova política nos medios públicos de comuni-

cación que deberá ampliarse ao resto de medios que controla o Estado e, posteriormente, aos medios públicos do resto das administracións. Os cidadáns non queren unha televisión pública nin do PP, nin do PSOE. Debemos ter unha televisión de todos os españois, baseada na veracidade, na profesionalidade e no bo gusto. (2)

A primeira lexislatura da súa presidencia supuxo a creación do Consello para a Reforma, un itinerario lento pero ben orientado. Zapatero cumpriu no referente á reforma de RTVE o seu principal obxectivo. Aprobouse finalmente a súa lei acorde co informe dos expertos pero cunha medida engadida que xa acendía moitas alarmas. A redución de máis do 40 por cento do persoal de radio e televisión con criterios de xubilación a partir dos cincuenta anos de idade, mutilando a xeración máis comprometida e experimentada das súas redaccións. Quizá sobrase xente na mastodóntica estrutura de radio-televisión pública pero facelo antes de definir o novo proxecto e cunha grave fractura xeracional, que baleiraba as redaccións de experiencia, non deixou de ser unha insensatez.

Chega o recoñecemento legal á comunicación comunitaria

Carme Maguyo

A Lei Xeral do Audiovisual, no seu artigo 32, contempla e mesmo se compromete a garantir a existencia dos servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro. A norma vai recoller un compromiso do goberno central que asegure “a dispoñibilidade do dominio público radioeléctrico necesario” para que estes medios poidan emitir.

Non só outorga un estatuto legal ao terceiro sector audiovisual. A lei abre finalmente unha vía para salvagardar que estas emisoras de radio e televisión non sigan vendo pisadas as súas frecuencias. Tamén termina cun dos pretextos máis utilizados polos executivos autonómicos: non conceder licenzas á comunicación comunitaria porque non hai espazo dispoñible.



Carme Maguyo é
membra da
cooperativa Teleduca, e
pertence á Asamblea
per la Comunicació
Social e á Rede de
Medios Comunitarios.

A pesar deste avance, o poder lexislativo do Estado español segue sen adaptarse á realidade social e atender as súas necesidades comunicativas. Tampouco consegue aprender da traxectoria de moitas lexislacións europeas (países escandinavos, Austria, Irlanda...) e latinoamericanas (Venezuela, Argentina, Uruguai, Bolivia...), con formulacións moi interesantes.

O sector comunitario da comunicación verá a luz cunha serie de restricións: nula posibilidade de financiamento por patrocinio ou publicidade de economía social, e un teito de gastos de explotación anuais de 50.000 euros para as radios e 100.000 euros para as televisións, salvo autorización expresa.

para conceder novas licenzas. Segundo, renunciando á publicidade en Televisión Española a pesar de que a súa recente lei prevía un financiamento mixto e que xa se aprobou un primeiro contrato-marco plurianual que, trala supresión publicitaria, queda no aire. Isto significa un cambio de rumbo, unha rectificación sobre a marcha, que Enrique Bustamante, un dos expertos da Comisión para a Reforma, atribúe á presión “dos grupos privados máis duros, como

Vocento e Mediaset, co apoio dos seus *lobbies* como UTECA (Unión de Televisións Comerciais Asociadas) e a Asociación da Prensa de Madrid”. (3)

Un terceiro decreto-lei autoriza a TDT de pago, o que levantou moito balbordo entre operadores de televisión, por razóns puramente tácticas de estar máis ou menos preparados cós seus competidores e atribuíndo ao Goberno a vontade de favorecer a Mediaset, que estaba en disposición de emitir de inmediato

Pasaron os anos e vimos uns borradores de proxectos lexislativos interesantes para o conxunto do sector audiovisual e para a creación da autoridade reguladora, derivados do informe da Comisión de Expertos coherentes coa nova lei de RTVE. Con todo terminou a lexislatura, os proxectos conxelados e a promesa de que na lexislatura actual entrarían rapidamente a debate, posto que xa existía un amplo consenso que facilitaba a súa aprobación. Supúñase que o consenso articulábase ao redor dos proxectos coñecidos. Polo camiño tomábanse iniciativas cando menos sorprendentes. Por exemplo, a de outorgar licenzas para dúas novas cadeas privadas, Cuatro (para Prisa) e La Sexta (para Mediaset), coa explicación de ampliar a pluralidade do sector privado, moi decantado á dereita con Antena3 (Planeta-Agostini) e Telecinco (Mediaset, ou sexa Berlusconi). Todo iso mentres se anunciaba que a TDT comportaba a ampliación de oferta con múltiples por catro de cada licenza pública ou privada.

Xiro doutrinal

E chegamos ao último ano con decretos-lei sorprendentes e tramitados de urxencia que dan como feitos consumados aspectos fundamentais do que debía regular a posposta Lei xeral do audiovisual e que representan un xiro na orientación lexislativa por camiños doutrinais de natureza distinta e até oposta á que se seguía até a data. Primeiro permitindo fusións entre distintas empresas concesionarias, o que contradí a teoría da pluralidade exhibida



a partir do control de dereitos deportivos e despois de todas as batallas legais emprendidas e perdidas por Sogecable. Sogecable e Mediapro estaban a pactar o fin da segunda guerra do fútbol e falábase mesmo dunha posible fusión. Nestas, o decreto parecía romper as negociacións en curso e favorecer que Mediapro lanzase de inmediato a súa cadea Gol. Á marxe desta loita de intereses mercantís, parecía razoable que dentro das novidades que ofrece o mercado dixitalizado se contemplasen as canles de pago. Pero tamén parecía razoable que isto se aprobase no marco da nova lei do audiovisual e non para cobrar o partido do próximo domingo.

E nestas chega cunha urxencia desmedida o tan esperado proxecto de Lei Xeral do Audiovisual, con tramite de urxencia, sen paso polo plenario do Parlamento, tratado só na comisión constitucional e en plenas vacacións parlamentarias de inverno, sen oír a case ninguén dos que propuxemos non menos de 600 emendas, e pasado ao Senado para que lle dea o visto e praxe, consagrando o xiro doutrinal dos seus contidos e bendicindo a ferverza de decretos lei precedentes.

Efectivamente consagra a posibilidade de fusións entre operadores españois, comunitarios e extracomunitarios con condicións, alterando o

equilibrio que as concesións de licenzas deben pretender. De aquí que o futuro máis inmediato, e por longo tempo garantido, do sector privado pasará polo liderado de dous grupos empresariais con maioría de capital e decisión italianos. Tamén se asume o decreto que elimina a publicidade da televisión pública e establece un canon que deberán achegar o conxunto dos operadores privados de televisión e de telecomunicacións, para o seu financiamento. Os operadores privados xa levantaron a voz en contra porque poida que o canon sobre beneficios non compense o suposto aumento de ingresos deriva-

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

FAS MÁIS FALTA QUE NUNCA!

www.amesanl.org **afiliate!**

Producción en precario

Antía López

S en ánimo de despachar apresuradamente o contido da *Ley General de la Comunicación Audiovisual*, e considerando que só no longo prazo se poderá facer unha valoración axeitada, hai nela un aspecto nuclear que require ser identificado. Tal aspecto revela que o texto é debedor dunha lóxica política xa tradicional en Europa. Trátase da obrigatoriedade que alí se recolle de contribuir á produción de contidos audiovisuais, cun 5 ou un 6 por cento dos ingresos, segundo o caso, por parte dos prestadores de servizos de comunicación televisiva, públicos e privados, os prestadores dos servizos de comunicación electrónica que difundan canles de televisión, e os prestadores de servizos de catálogos de programas. O destino deste financiamento atinxe á produción española maila europea de longametraxes, curtametraxes, películas e series para televisión, documentais e produtos de animación.

Grazas a medidas como esta, as distribuidoras europeas continuarán nutréndose de producións financiadas dende a súa orixe polos diferentes mecanismos de protección, e neste caso por parte duns prestadores de servizos que seguen sendo os principais clientes da industria de programas norteamericana. A situación estrutural da industria de programas europea queda inalterada: precariedade e incapacidade de competencia internacional.



Antía López Gómez.
Facultade de Ciencias
da Comunicación, USC.

As políticas nacionais seguen fomentando a amortización de produtos nos mercados internos, ó tempo que son incapaces de propoñer instrumentos idóneos para poder batallar en mercados internacionais, planificando unha industria a escala interna, limitándoa no tocante á produción e á explotación ó marco que, individualmente, posibilite cada país.

As presións do mercado

Os operadores privados e a dereita política xa están a reclamar que as televisións autonómicas deben renunciar á publicidade de igual modo que a estatal. E se teñen que pagar un canon compensatorio ameazan con incumprilo mentres as autonómicas sigan exercendo competencia publicitaria. Algunha emenda no trámite parlamentario pretende

garantirles ás autonómicas o seu modelo financeiro propio, bloquear a posibilidade de que por medio da liberdade de venda de licenzas se puidesen privatizar medios públicos e preservar a produción propia. Todo isto permitíao o proxecto. Este foi o único avance no trámite parlamentario para asegurar o apoio do grupo de Convergencia e Unió (CiU), aínda que as emendas fosen propostas sindicais, sen o cal non facía maioría

T
en foco

dos da repartición da publicidade de TVE. Alguén pensou que pasará con ese canon o día que todos os operadores declaren perdas ou escondan beneficios? Os operadores de telecomunicacións din non ter nada que ver co mercado televisivo e que non lles corresponde pago ningún por estes conceptos. Poida que algunha sentenza recente en Francia contra esta fórmula de financiamento que Sarkozy tentou implantar e que España está mal imitando, lles dea a razón. Tamén a Comisión Nacional de Telecomunicacións, sendo un organismo gobernamental, critica a fórmula. A verdade é que o financiamento da radio-televisión pública queda no aire e cunha falta de concreción alarmante que fai sospeitar que unha vez perdido o control político directo xa poden abandonarse os medios públicos á súa sorte, cuns medios privados que finalmente decidirán que financiamento recibirá o sector público coas súas achegas.

O grave é que todo naceu dicindo que imos facer como en Francia, que suprime a publicidade da televisión pública. Pero resulta que Francia non eliminou a publicidade senón que a derivou a diversas franxas horarias, onde concentra a mellor programación ou a de maior audiencia cunha redución global notable. O que pretende cobrar dos operadores privados de televisión ou de telecomunicacións é unha compensación equivalente á publicidade desaloxada, manténdose, con equilibrio distinto, o dobre financiamento. Aquí oímos a música e tirámonos á piscina, renunciando a un mercado publicitario ao que o modelo francés non renuncia.



A Lei pretende porlle fin ás radios piratas

suficiente para aprobar o proxecto, dada a oposición de todos os demais, agás a Coalición Canaria. O grupo Popular, que non pode estar en contra de tamaño agasallo, para non dar nin sequera así o seu brazo a torcer, permaneceu abstencionista, suficiente para que o proxecto prosperase.

Tamén o borrador saído do Consello de Ministros consagraba a posibilidade de emitir pornografía mesmo en aberto en horario nocturno. A queixa en bloque das asociacións de consumidores alertou ao Goberno de que estaban a propor algo contrario á normativa europea e que alguén lla “coara”. Tanto coadoiro na mesma dirección só pode ter un autor: a propia patronal da televisión privada (UTECA) que tantos eloxios destinou ao proxecto, que tan boas relacións exhibe coa vicepresidenta do Goberno, María Teresa Fernández de la Vega, e que desexa e explica sen andrómenas que quere que a lei saia tal e como saíu o borrador do Consello de Ministros e sen “debates demagóxicos” que a modifiquen.

As licenzas séguelas concedendo o “Goberno”, é dicir, o Consello Nacional de Telecomunicacións, organismo dependente do Ministerio de Industria. Para tentar facer unha lei non intervencionista quedan coa maior. Limitación de calado para o futuro Consello Esta-

tal de Medios Audiovisuais (CEMA) que con todo manterá un rexistro xeral de licenzas e avisará cando algunha quede libre ou deba renovarse. Agora ben, ampliase a concesión de 10 a 15 anos coa renovación automática por tres veces e pondo o reloxo a cero. É dicir que o panorama televisivo español ten 45 anos por diante coas actuais licenzas dificilmente ampliábeis pola multiplicidade xa explicada e con posibilidades de compra-venda polo camiño.

Un Consello Audiovisual eivado

Se xa dixemos que se recortan algunhas competencias básicas do CEMA, non é cuestión menor tampouco o feito de que só poderá sancionar o que xa é delituoso por vía xudicial, pero por criterios deontolóxicos, só naqueles operadores que libremente acordaran códigos de autorregulación, que en ningún caso se formulan como obrigatorios. Se estes se incumprisen, o Consello podería sancionar, o que é unha clara invitación a que os operadores se neguen a asinar ningún Estatuto de Redacción cuxo incumprimento puidera ser despois motivo de sanción. Ou sexa, que os que máis incumpren calquera criterio deontolóxico seguirán igual que hoxe e sen capacidade de ser sancionados máis aló do directamente delituoso.

A apelación á autorregulación libre é máis do que foi o fracaso estrepitoso destes últimos anos nos que, sen lei, se pretendía pactar regras de “boas prácticas” que se foron incumprindo sistematicamente. A vicepresidenta facíase a foto cos operadores e estes retratábanse ano tras ano sen ruborizarse, e finalmente concédelles a lei á súa medida para que sigan actuando ao seu antollo sen ningún compromiso deontolóxico e sen un organismo con capacidade real de regular contidos. Todo un despropósito. Pero mesmo se desculpa aos operadores dos contidos publicitarios, dos que só serán responsables os seus autores pero non quen os emita, rompendo o principio universal de que os medios de comunicación son corresponsables, como o testemuña toda a doutrina xurídica que se queira, de todo canto se publica ou emita. Nisto estaría tamén a responsabilidade sobre a emisión de SMS sen filtro de contactos ou outras intervencións interactivas que con frecuencia lanzan mensaxes até delituosas e que a lei nin menciona.

En canto aos espazos publicitarios, incorpóranse os tempos acordados pola normativa europea de Servizos Audiovisuais (antes Televisión Sen Fronteiras). Pero non se considera publicidade a autopromoción e a televenda. Así autorízanse “12 minutos por cada hora” que é o que marca a normativa para todos os conceptos, aos que se poden engadir outros 5 por cada hora de autopromoción e outros 2 por telepromoción. É dicir 19 minutos por cada hora de emisión no canto dos 12 e establécese o mínimo de intervalo en 30 minutos de emisión

Nada novo

Martin Pawley

A Ley General de la Comunicación Audiovisual responde a dúas necesidades: achegar a normativa aos tempos que corren, marcados pola substitución da tecnoloxía analóxica pola dixital e a consecuente multiplicación da oferta en radio, televisión e Internet coa certeza de que o importante son os contidos e non o sistema que nolos trae ou o aparello a través do cal os consumimos; e crear un marco xeral completo que acabe coa dispersión e os ocos lexislativos dun regulamento cheo de parches, coa pretensión declarada de “dar seguridade xurídica á industria e posibilitar a creación de grupos empresariais capaces de competir no mercado europeo”.

Máis alá das declaracións que a Lei fai en favor do pluralismo ideolóxico, político, cultural e lingüístico e contra toda sorte de discriminación e incitación



Martin Pawley é crítico de cinema

ao odio —que a programación diaria das diferentes plataformas se esforzará en esquecer—, o que importa dela na práctica son as normas de funcionamento cotiá referidas á protección dos menores, a promoción de contidos accesíbeis para persoas con discapacidade, a fixación de tempos máximos de publicidade (doce minutos por hora), a definición dos acontecementos “de interese xeral”, todos eles deportivos e precisados

até extremos ridículos (Roland Garros si, Wimbledon non), a obriga (ma non troppo) de investir na produción de películas cinematográficas ou os límites á participación en máis dunha empresa audiovisual. Nada novo, en suma; o que se pretende é simplemente pasar a limpo o que xa había para poñer en orde o escenario no que operan os grandes “filántropos” da comunicación.

cando a norma europea establece 45. Así se fai unha interpretación á española do que se pretendía harmonizar. E máis grave é que o borrador saído do Consello de Ministros admitía 12 minutos á hora de telepromoción, o que levaba a admitir 29 minutos das diversas modalidades publicitarias á hora, un disparate que alarmou ás mesmas patronais publicitarias que ante tanta oferta vían o perigo dunha inmediata degradación do mercado publicitario e do rexeitamento dos telespectadores, como xa se observa desde que TVE emite sen publicidade. UTECA nisto si levantou a súa voz crítica por este recorte que debe atribuír ao “debate demagóxico”.

Dito todo o dito, o paso precipitado e a empuxóns polo Parlamento puido limar algunha das barbaridades máis notables do proxecto, pero de ben pouco serviu para reconducir unha lei que nacerá tan faltada de criterio que deberemos empezar a recoller probas para acumular o material necesario que xustifique reclamar a súa primeira reforma, sen desdeñar o que desde Bruxelas impugnen, veten ou sancionen por incumprimento flagrante da doutrina comunitaria. Despois de tantos anos reclamando esta lei atopámonos cunha monumental chapuza á española, picaresca incluída. Cando estea definitivamente aprobada deberemos empezar a analizar se era mellor a inexistencia de norma ou a aprobada. Non é un debate calquera. Competencia advertirá contradicións, o CEMA reclamará as competencias que a lei non lle outorga e que non lle permitirán atallar aquelas condutas que máis alarma social levanten. Á lei

atribuiránselle todos os males que non terán remedio e alguén deberá asumir responsabilidades, que xa é algo, ou ante a súa ineficacia modifícala, que será o desexable ante a imposibilidade de que naza ben nada.

Enric Bastardes i Porcel é ex secretario xeral da Federación de Sindicatos de Xornalistas (FeSP); conselleiro do Consell Assessor de Programació i Continguts da Corporació Catalá de Mitjans Audiovisuals (CCMA).

(1) A Rede de Medios Comunitarios (ReMC) e a Federación de Sindicatos de Xornalistas (FeSP) presentá-

ronlle conxuntamente ao Congreso de Deputados as emendas ao proxecto da Lei Xeral do Audiovisual.

(2) ver na súa Web FeSP.org os últimos comunicados de data 6 de xaneiro e 17 de febreiro de 2010, nos que se detallan as principais críticas ao proxecto. Tamén pode consultarse o proxecto lexislativo do Estatuto do Xornalista Profesional en cuxo apartado se documenta tamén o Código Europeo de Deontoloxía do Xornalismo da Asemblea do Consello de Europa, aos que fai referencia o presidente Zapatero.

(3) Ver o magnífico artigo de Enrique Bustamante “A contrarreforma audiovisual socialista”, en *Le Monde diplomatique en español*. Nº 172 de febreiro de 2010.